

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
CURSO 2023-2024
ANPA CPI San Sadurniño**





ZUMBA/BAILE MODERNO/URBAN DANCE/BAILES LATINOS



Idades: Primaria.

O obxectivo da actividade é desenvolver a coordinación e o sentido do ritmo a través do tipo de baile seleccionado. Fomentarase a creatividade aprendendo a expresarse co corpo e co movemento. Realizaranse montaxes de coreografías para estimular a memoria, concentración, a interpretación e o traballo cooperativo.

Na actividade de “Urban Dance” incluíranse disciplinas tales como o Hip hop, Street dance, Funky.



DIVERTIDANZA/ MÚSICA E MOVEMENTO



Idades: Educación Infantil

Actividade de exploración lúdico-motriz a través de diversas modalidades de danza dirixida especialmente aos nenos de educación infantil. Ten como obxectivos desenvolver a psicomotricidade e a expresión corporal e emocional a través da danza, utilizando xogos musicais, danzas e cancións infantís, danzas do mundo, etc.

TEATRO



Idades: Infantil e primaria

Traballarase a expresión corporal e xestual, a expresión oral e a interpretación a través de xogos e dinámicas e da representación de contos e pequenas obras teatrais. Traballaremos tamén a importancia da escenografía coa creación de decorados e do vestuario.



MANUALIDADES



Idades: infantil e primaria

Esta actividade está encamiñada a desenvolver a creatividade dos participantes e o seu talento artístico. Realizaranse actividades manuais que axuden a utilizar o arte como un medio de expresión e de relaxación utilizando diferentes materiais (arxila, papel, cartolina, la, cartón...)

*Cota anual de materiais para 1 hora semana: 25 €/curso/alumn@

KARATE



Idades: Primaria

O Karate é unha disciplina principalmente defensiva que axuda a adquirir hábitos deportivos e de vida saudábeis e a desenvolver a psicomotricidade, a coordinación, a resistencia, a forza ao mesmo tempo que se traballan os valores do compañeirismo e do respecto cara os demais.

IOGA INFANTIL



Idades: Infantil e primaria

A través da práctica do loga os nenos e nenas traballarán a coordinación, a flexibilidade a postura corporal ao mesmo tempo que melloran a súa concentración, creatividade, a expresar os seus sentimentos e a practicar técnicas de relaxación coa axuda da música e do control do corpo.



MULTIDEPORTE

Idades: Primaria

A actividade de multideporte ten como obxetivos desenvolver a psicomotricidade dos participantes e inicialos na practica de diferentes deportes para que poidan descubrir as suas preferencias.

Traballaremos a traves de xogos grupais, circuitos e actividades psicomotrices.

Practicaremos atletismo, futbol, baloncesto, voleibol, balonman....